

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Sentei na butaca e sostiven entre as mans a manta gris. Aínda co pixama posto, coloco as pernas por riba e os pés rozan o tecido. Levo un tempo pasando as páxinas- dun modo mecánico- dunha revista. Recollo do chan os zapatos que deixei onte tirados e sosténdooos entre os dedos camiño cos pés nús sobre a madeira, que se transforma en lastras brancas na cociña. Abro o forno, apagado, a bica formou na súa superficie esa capa case de caramelo e azucre. Sácoa para situala nun medio transportábel.

Vístome no cuarto e cálzome uns zapatos diferentes dos que levaba na man. Levo a bolsa pendurando do ombreiro polo fío de tea e sosteño coa forza dos brazos a larpeirada. Descendo ao son do peso do aire e vou cara o traballo. Conduzo pensando en volver, sei que hoxe no serán Eladio planificou unha especie de final para o campionato de xadrez, e quero estar alí porque sinto unha incríbel satisfacción neses momentos de plena integración veciñal.

O corredor esténdese máis alá do que iluminan as xanelas estreitas e translúcidas, chego ao meu escritorio, e arrodéanme os compañeiros. Deixo a bica e convido a todos a que collan o que queiran. Coma sempre, falar convértese nun proceso antinatural e esfórzome por empregar cada palabra. Afacémonos ás persoas nos espazos, e tamén nas tarefas. Asociados a unha acción, é sinxelo establecer unha conversa, mais son aqueles momentos transitorios, nos que estes temas carecen de interese, nos que é difícil coñecer aos demais.

Volvo a casa pola tardiña, e subo cunha inusitada lixeireza cara o piso. Chego mesmo a sentir un incremento na paixón coa que a corda da que pendura o ascensor me impulsa cara arriba. Abro, deixo as cousas, pecho e chega esa

invasión doce dun aire tinguido de sons. Chego ao vestíbulo e atópoo baleiro, penso inmediatamente en Eladio de Fisterra, que volvera tarde aquela vez na que, mentres procuraba o avó da nena, se xogou a partida enteira sen el. E se el non era imprescindible, eu tampouco. Non obstante, o feito de que sexa a hora marcada de inicio prodúceme certa sensación de dúbida. Noto a porta arrimada do garaxe, abro, ollos os dous lados e pecho. Regreso ao ascensor, aparecen sobresaltados Argemiro, Sabela e a doutora. Pasan correndo e abren a porta que eu pechei con agarimo. Besbella a do primeiro B: - Eu xa o dixera, pero nada...

A muller de ollos grises indícame que os siga cun xesto de cabeza, e fágoo, e sinto certo aceno de acollida dentro dese acto de comunicación non verbal. Camiñamos entre as plazas de garaxe e chegamos á pendente de saída, vexo a parte traseira do moderno coche da loura do sexto. Subimos para ollar a cerámica rachada que fora hai pouco o terrario no que se sostían as raíces das plantas que coroan a entrada do mundo subterráneo. A loura está fóra do vehículo, con Eladio.

- Bueno, Eladio, tróuxenche ao Argemiro, que *il* sabe de coches. Seica seu *irmão* ten un garaxe cheíño deles.
- Mire, don Eladio, a min me dixeran que era un destrozo e eu non vexo nada! Teño outras cousas que facer.
- Tranquilo, *Argemiro*, *apresio* que se interesase... Oe, Elena, non se preocupe.
- Eu non é que queira queixarme, pero o certo é que me custou *mucho* pintar o coche a semana pasada, e tamén hai certos vultos aquí...
- E *logho*, *Argemiro*, non podes miralo a ver a *situación*?
- Eu que vou mirar!- Achégase ao coche vermello e cos seus ollos enfoca a parte frontal- Pero como *colleches* a curva para acabar co terrario!
- Como o ve?

- Isto é unha *ghaitada* como outra calqueira. Eu non vexo nada, catro arañazos que para algúns son un mundo...- Olla á louca aos ollos.
- Mire, eu non son moi esixente pero...
- E claro, cando eu era novo este coche era un luxo, daban *ighual* tres rabuñazos no capó... Pero *aghora* todo ten que estar impoluto e así vamos, que cada día mercan dous coches novos por se a un lle *caghou* unha pomba enriba... Pois iso pasa!
- Eu sabía que ía pasar, porque calculei os ángulos! Si señor. Fun co metro e calculeinos. Pero claro, andamos co xadrez e non sei que...
- Tampouco é así, Elena, hai *opiniós* para todo e en todo pode haber problemas.
- Discutirémolo o venres...

Voume, de novo, cara o vestíbulo do garaxe. Sinto que non teño onde posicionarme neste conflito e iso lémbreme de xeito inmediato á filla dos ferrolanos. Sentir que debemos actuar fronte cada pequeno estímulo, rebelarnos contra fenómenos e defender palabras nas que non cremos. Prefiro irme antes de ser presionada a falar sobre iso.